



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación; Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Fundación Repsol en materia de normalización lingüística

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coa Fundación Repsol, o instrumento convencional arriba indicado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a convocatoria do *Premio de Narrativa Breve Repsol para escritores en lingua galega*. As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a promover, estimular, motivar e apoiar a creatividade de novos escritores en lingua galega.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. As dúas entidades son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Así mesmo, as partes pretenden mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar o seu uso na literatura en lingua galega.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística leva anos apoiando institucionalmente este certame por consideralo de grande interese no ámbito da normalización e dinamización lingüística. As circunstancias e os obxectivos que persegue neste ámbito de actuación motivan que, para instrumentar a colaboración pretendida, non sexa necesario promover a libre concorrència.

O desenvolvemento do obxecto do convenio proxectado non suporá custo económica directo para a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades imputable a partidas do seu orzamento de gastos, xa que, a dotación económica do premio será por conta da Fundación Repsol.





O carácter singular dos atributos e características que posúe como entidade a Fundación Repsol a fan destacar entre outras entidades do seu sector pola súa sensibilidade cara á cultura e lingua galegas que acompaña de accións encamiñadas a normalizar e dinamizar o uso do idioma galego nas narracións literarias de novos escritores, e que promove, pola súa vez, un gran dinamismo e expectación nas persoas que ao longo dos anos consideran como unha importante oportunidade participar neste concurso que ten un premio de recoñecido prestixio.

Considerarase que a Fundación Repsol polo seu achegamento a literatura en galego no seu ámbito de responsabilidade social é unha entidade idónea e con recoñecemento no mundo das letras para colaborar coa consellería e darlle maior divulgación e imaxe institucional á súa labor de afianzamento de accións normalizadoras e de dinamización da lingua galega.

A estrutura e capacidade de xestión adecuada para desenvolver as accións relacionadas coa convocatoria do concurso e o premio, tanto a nivel de recursos humanos e materiais, como de estrutura operativa e experiencia proxectan unha imaxe da Fundación Repsol como unha entidade acaida para aliñarse con retos literarios en lingua galega.

A Fundación Repsol forma parte do Padroado da Fundación da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes e os relatos finalistas e os premiados publicaranse na páxina web da dita Biblioteca. Os seus fondos están dispoñibles na rede en aberto e presenta máis de 12.000 títulos dixitalizados o que a converte no portal de referencia internacional das letras hispánicas. Para as novas figuras da literatura galega o feito de aparecer nesta biblioteca outórgalles unha grande difusión da súa obra en todo o mundo.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

